

MARCO TEÓRICO DO TRABALLO COOPERATIVO:


- Debemos ter en conta que para que unha actividade sexa cooperativa deberá cumprir tres requisitos fundamentais:

- que os membros do equipo deberán axudarse e animarse á hora de aprender;
- que cada membro aprenda pero tamén contribúa a que os seus compañeiros aprendan;
- conseguirán o obxectivo sempre que o consiga TAMÉN o resto dos membros do equipo


- 
- Nunha estrutura de actividade cooperativa darase:

- Interacción profesorado-alumnado
- Interacción alumn@-alumn@ + traballo individual de cada un
- Traballo final en equipo

- Para que o traballo cooperativo sexa satisfactorio e adecuado, os equipos deberán seguir unha composición heteroxénea:



Sendo estes estudantes os máis capaces de dar axuda



Sendo estes estudantes os máis necesitados de axuda



Sendo estes estudantes os que non destacan nin por unha cousa (máis capacidade) nin pola outra (menos)

capacidade)

OS EQUIPOS COOPERATIVOS ESTARÁN CONSTITUIDOS POR 3 OU POR 4 MEMBROS (non por máis nin por menos)

A aprendizaxe cooperativa ten 3 *ámbitos de intervención:*

- **ÁMBITO A:** DINÁMICAS (cohesión grupal)
- **ÁMBITO B:** ESTRUTURAS (recursos para ensinar)
- **ÁMBITO C:** PLANS E CADERNOS DE EQUIPO (contidos sobre a aprendizaxe cooperativa a ensinar)

ÁMBITO A: DINÁMICAS DE COHESIÓN GRUPAL

- Serven para favorecer a cohesión do grupo
 - Crean un clima de aula favorable ao traballo en equipo
 - Son xogos cos que non temos que traballar contidos, só debemos traballar a identidade como grupo, crear un clima de afecto e predisposición á axuda mútua entre todos.
- Nas programacións de aula do centro temos establecidos uns mínimos para realizar ao longo do curso que se irán incrementando en función da idade do alumnado.
 - As dinámicas máis utilizadas son:
 - * **PELOTA**: Para realizar cada semana ou á volta de vacacións dando como consignas como:



“o que máis che gustou do verán”

“ o que máis che gustou da fin de semana”

“ a túa comida, color, animal... preferidos”, etc

MALETA



Cando é a primeira vez que iniciamos un grupo con alumnos que non se coñecen entre sí ou coa chegada dun novo rapaz ou rapaza ao grupo clase.

Ten implicación tamén por parte das familias, especialmente en cursos de infantil e primeiro ciclo de primaria (xa que teñen que aportar na maleta algo que sexa moi significativo para eles e soen precisar axuda na maioría dos casos)

* TEA DE ARAÑA:





Precisa un nivel de atención bastante alto para que o resultado sexa positivo.

É preciso estar atento á persoa que nos pasa o ovillo de lá para que no da recollida saia ben a dinámica

ÁMBITO A: DINÁMICAS DE COHESIÓN GRUPAL

* GRUPO NOMINAL:



Los salvajes	X	3	4	1	X
Los tutifrutti	4	X	3	3	10
Los espías	3	4	X	4	11
Los policías	1	1	1	X	3

Moi axeitada para tomar decisións consensuadas sobre aspectos relativos a normas, disciplina, actividades grupais...

* EQUIPO DE MANUEL: Utilízase cando xorden problemas nos traballos do equipo (cando alguén do equipo considera que é mellor traballar individualmente). A partir dunha historia titulada “O equipo de Manuel” tratamos de que eles mesmos sexan os que, guiados polo mestre, atopen as cousas positivas que ten o traballo en equipo.

* BLANCO E DIANA: Para explicarse como son e coñecerse mellor nalgúns aspectos persoais (nome, aficións, mellor cualidade, peor defecto...

CADRO EXPLICATIVO DOS MÍNIMOS POR CICLO E AULAS:

MÍNIMO POR CURSO	3 anos	4 anos	5 anos	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
DINÁMICAS	Pelota Maleta*	Pelota	Pelota	Pelota Maleta*	Pelota Grupo nominal	Pelota Maleta* Grupo nominal	Pelota Grupo nominal Branco e diana	Pelota Maleta* Grupo nominal Branco e diana Equipo de Manuel	Pelota Grupo nominal Branco e diana Equipo de Manuel
ESTRUTURAS	Folio xiratorio Lapis ao centro	Folio xiratorio Lapis ao centro	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida con pictos	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida Parada de 3 minutos 1,2,4 (2º, 3º trimestre)	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida Parada de 3 minutos 1,2,4	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida Parada de 3 minutos 1,2,4	Folio xiratorio Lapis ao centro Lectura compartida Parada de 3 minutos 1,2,4

*Equipo de Manuel: se hai problemas á hora de traballar en equipo.

*Maleta: en cambios de ciclo, profesor, ou con alumnos novos.

*Grupo Nominal: Para a toma de decisións.

ÁMBITO B: ESTRUCTURAS DE TRABAJO

FOLIO XIRATORIO

Nesta estrutura teremos un elemento que xira, pode ser un obxecto, folio, tablet, caderno, escornabot... O obxectivo desta estratexia é elaborar algo coa aportación de tódolos membros do equipo

Exemplo: Ideas previas sobre "o mapa"

Se cada membro do equipo escribe dunha cor diferentes e realiza unha chave indicando o nome será máis doado coñecer o que aportou cada un. Poden dialogar, argumentar pero nunca borrar algo que outro compañeiro deixou posto no papel, caderno...

Importante: a escoita e a atención.

LECTURA COMPARTIDA

Material que precisamos: un texto dividido en tantas partes como alumnos conformen o grupo.

1º alumno le o texto número 1

2º alumno rele o texto

3º alumno fai algunha pregunta

4º fai un resumo

Unha vez que se termina de analizar o primeiro texto pasamos ao segundo, realizando a mesma secuencia pero comezando co membro número 2.

Esta estrutura é adecuada para: realizar receitas, lecturas de temas, experimentos, traballar a prensa...



□ 1-2-4

Nesta estrutura cada alumno nun primeiro momento realiza a actividade de maneira individual. Unha vez que remata, comparte a resposta co seu compañeiro do lado, decidindo cal é a adecuada, ou complementando as respostas entre as dúas dadas. Unha vez que temos a nosa resposta poñémola en común co resto de compañeiros e ao final teremos un resultado correcto e máis completo.

Importante: no caso de que os grupos sexan de 3 membros, pasaríamos de realizar a tarefa individual a compartila co grupo

□ PARADA DE TRES MINUTOS

Nesta estrutura o mestre fala dun tema e logo abre unha ronda de preguntas. Cada equipo ten que pensar preguntas para facerlle. Unha vez rematado o tempo empézanse a dicir en alto.

Olo: non se poden repetir



XOGO DE PALABRAS

Esta actividade consiste en definir coas nosas propias palabras o vocabulario. A lista de palabras dividirase entre os membros do equipo e cada un definirá unha delas, ao final porase en común e copiarán as definicións do resto de compañeiros

LAPIS AO CENTRO

Nesta estrutura repárteselles a cada membro do equipo unha mesma tarefa (resolución dun problema, búsqueda de vocabulario, etc..) con tantas preguntas ou exercicios coma membros teña o equipo. Cada alumn@ deberá facerse cargo dunha pregunta (lela en voz alta, dar a súa opinión sobre a resposta correcta e consensuar co resto dos compañeiros chegando a un acordo). A partir das diversas opinións dos compañeiros do equipo, entre todos, deciden as respostas correctas e, soamente cando estean todos dacordo co resultado final de cada exercicio é cando poderán utilizar o lapis para anotalo cada un no seu caderno.

ÁMBITO C: CADERNO DE EQUIPO E PLAN DE EQUIPO

- ❑ Trátase de ensinar dunha forma sistemática, estruturada e ordenada a traballar en equipo.
- ❑ Aprender a traballar en equipo convértese nun CONTIDO máis que debemos ensinar.
- ❑ É moi importante que o equipo teña ben claro os obxectivos que perseguen : aprender a axudarse para aprender.
- ❑ Existen uns cargos que deberá exercer cada membro dentro do equipo: coordinador, secretario, responsable do material e axudante.
- ❑ Estes cargos deberán xurdir dos nenos... probablemente cando comezen a xurdir problemas do tipo... quen vai a por o material?, quen fala cando toca respostar como equipo?, quen escribe e toma nota?....
- ❑ Estes cargos poderán ir aparecendo pouquiño a pouco a medida que apareza a necesidade no equipo (normalmente o ciclo decide esta aparición nos equipos)
- ❑ As súas funcións irán sendo cada vez máis complexas en función do curso e ciclo no que se atopen os nenos.

CADERNO DE EQUIPO:

farase un novo caderno de equipo cada vez que cambian os membros dos equipos. Pode ser un anual, aínda que o ideal é cambialos cada trimestre se fora posible.

Cando se abra un caderno de equipo, os membros elixirán un **nome** e un **logotipo**.

OBXECTIVOS: dous son os básicos (xa predeterminados) e un terceiro poderá ser elixido por cada un dos equipos.

BÁSICOS, estipulados polo mestre:

- Aprender todos
- Axudarnos uns aos outros

ELEXIDOS POLO EQUIPO

- Poderá haber un terceiro obxectivo que cada equipo pode elixir

NORMAS: Igual que os obxectivos, as normas xa están estipuladas nun primeiro momento pero a medida que se vai avanzando na idade e nos cursos poderán aparecer normas elixidas polos propios membros do equipo (nos maiores poden votalas con Grupo Nominal)



PLANS DE EQUIPO: Dentro de cada caderno de equipo abrírase un PLAN DE EQUIPO en cada rotación de cargos. Alomenos 4 no curso para que todos os nenos pasen por todos os cargos. Nos plans de equipo distribuiremos os cargos coas súas funcións.

	FUNCIÓNS
COORDINADOR/A	DIRIXE a actividade: • EXPLICA E DISTRIBÚE a tarefa e quendas. • CONTROLA as quedas de palabra . • PROMOVE a participación de todos. • DIRIXE a avaliación. • PREGUNTA dúbidas á profe • PRESENTA as tarefas á clase.
SECRETARIO/A	CONTROLA o nivel de RUÍDO CUSTODIA o caderno de equipo ANOTA os acordos do equipo e escribe no caderno de equipo RECORDA as tarefas pendentes e controla que estean feitas (so tarefas de cooperativo) CONTROLA que os membros traen as tarefas feitas e anotan as que teñen que facer. REXISTRA no calendario do caderno de equipo.

	FUNCIÓNS
AXUDANTE	SUBSTITÚE se falta un cargo. AXUDA aos compañeiros AXUDA aos compañeiros. <i>SUPERVISA E REVISA os traballos do equipo axudando con preguntas tipo (non dando solución).</i>
ENCARGADO/A DE MATERIAL	PREPARA o material necesario. SUPERVISA para que todo quede limpo e recollido. CONTROLA que non se perda o tempo no traballo de equipo. CONTROLA que non se perda o tempo no traballo de equipo.

EDUCACIÓN INFANTIL (1 función por cargo)

1º CICLO E.PRIMARIA (as de infantil e as de cor azul)

2º CICLO E.P. : as de infantil, 1º ciclo e ademais...

3º CICLO E.P.: as de infantil, 1º ciclo e 2º e ademais...



DIARIO DE SESIÓN:

Despois dunhas semanas traballando con cooperativo, faremos unha Sesión de Avaliación: faremos unha actividade con cooperativo e despois avaliarase para analizar as funcións que cada neno tiña así coma os obxectivos que tiñan marcados para cumprir.

Desta valoración poderán saír **compromisos persoais** para o seguinte Plan de Equipo.

- Tras cada **Diario de Sesión** os cargos serán cambiados entre os membros do equipo e abrirase un novo **Plan de Equipo**.
- Cando todos pasen por cada cargo, poderase abrir un novo **Caderno de Equipo**.